



MESA SECTORIAL DO DÍA 16 DE MAIO DE 2018

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: HOMOLOGACIÓN RETRIBUTIVA.

ANPE se felicita polo feito de que se vaian a iniciar as negociacións pola homologación retributiva xa que responde as múltiples peticións que desde a nosa organización levamos facendo dese hai moito tempo.

Por facer un pouco de historia sobre este tema, lembrar que na entrevista co Conselleiro de Educación con ANPE celebrada o 8 de marzo de 2015 a nosa organización lle trasladou xa, como primeira medida, a petición de apertura de negociacións para a homologación retributiva do profesorado galego e en aplicación da cláusula de revisión incluída no anterior acordo retributivo. Polo tanto, valoramos positivamente que por fin a Administración Educativa galega comece este tipo de negociación pero tamén nos queda claro que chega con anos de retraso. ANPE considera, e así o ten demandado nos últimos escritos rexistrados e dirixidos á Consellería de Educación, que é necesario a homologación retributiva do profesorado galego así como tamén a recuperación das condicións laborais e non só económicas dos docentes galegos. Somos conscientes que neste momento se abre negociación exclusivamente para a homologación retributiva e a nosa organización será respectuosa con este aspecto e non incluírá ningún outro tema na negociación que hoxe se abre. Dito isto, tamén queremos deixar claro que unha vez rematada a actual negociación ANPE esixirá un calendario para poder abrir negociacións para outro tipo de cuestións que nos devolvan á situación anterior a crise como poden ser a recuperación das cantidades detraídas das pagas extraordinarias desde o ano 2013 e recuperación do cobro das pagas extras dobres. Nos escritos mencionados anteriormente, e presentados recentemente no mes de marzo actual para ANPE Galicia hai dous temas importantes e urxentes para por enriba da Mesa de negociación: a equiparación salarial e a paralización con carácter de urxencia dos recortes retributivos para o profesorado en situación de incapacidade temporal por baixa médica recollidos no Real Decreto Lei 20/2012, xa que a sinatura do acordo entre o Goberno Estatal e as Organizacións Sindicais da Función Pública permite negociar no seu ámbito de competencia a paralización dos recortes retributivos recollidos na citada normativa. ANPE esixe un gran acordo que leve á revisión de todos os recortes sufridos e que comporte unha mellora nas condicións de traballo do profesorado e unha aposta decidida pola atención á diversidade. Con isto queremos deixar claro que ANPE Galicia seguirá as vías da negociación e da presión sindical para recuperar TODOS os dereitos perdidos e para que tanto o Goberno Autonómico como a Consellería de Cultura e Educación, aposten decididamente polo ensino público na nosa Comunidade.

Unha vez deixado claro este punto, en relación ao tema retributivo a postura de ANPE Galicia é a postura que defende a nosa organización sindical a nivel Estatal, postura que ven avalada por máis de 30.000 sinaturas. ANPE entende que hai unha brecha salarial importante nas retribucións do profesorado nas distintas comunidades autónomas así como noutro tipo de cuestións (establecemento dunha carreira profesional, pago aos substitutos, etc...). O profesorado é un corpo estatal e como tal debería percibir un mesmo salario en todas as comunidades. Nese sentido esiximos a inmediata equiparación salarial docente, establecéndose unhas estruturas salariais comúns, equiparando as retribucións básicas e complementarias ás das Comunidades Autónomas con mellores salarios para rematar así coa

desigualdade existente actualmente nos corpos docentes en función da autonomía na que se estea a traballar. Sen embargo somos conscientes que ao haber transferencia de competencias en materia educativa temos que entrar en negociación a nivel de Galicia e á marxe do que se poida negociar noutras comunidades. Por este motivo para ANPE é fundamental que, nun posible acordo retributivo ao que poidamos chegar, se inclúa unha cláusula de revisión do acordado. Temos que ter en conta que somos a primeira comunidade que comeza a negociar unha homologación retributiva polo que corremos o risco de quedar deshomologados de novo nun período de tempo curto. De aí a importancia para ANPE da inclusión de dita cláusula de revisión. **A Administración se compromete claramente a incluír a cláusula de revisión.**

ANPE comeza esta negociación de homologación retributiva cunha liña roxa que claramente non estamos dispostos a traspasar e que é o feito de asinar por debaixo do acordado no ano 2003 e no ano 2006. Queremos unha negociación que nos leve, ao final da mesma, a estar situados **dentro dos primeiros postos** nas táboas retributivas das Comunidades Autónomas.

ANPE defende que debe ser un acordo de subida lineal das retribucións que afecte á totalidade do profesorado galego. Tamén é importante para ANPE a temporalidade de aplicación do acordo ao que poidamos chegar. Entendemos que debe aplicarse no período de tempo o máis curto posible.

Outro aspecto que queremos resaltar, ante a postura manifestada previamente pola Administración Educativa de que tomarán como referencia para as táboas comparativas de retribucións autonómicas a situación de sexenio 0, é que desde a nosa organización nos gustaría usar as táboas retributivas na situación do terceiro sexenio para poder falar dunha cantidade.

Alguén ten que dar unha cifra de comezo de negociación pero queremos deixar claro desde ANPE que vimos a unha mesa de negociación e non a unha “feira” nin a xogar ao regateo. O tema da homologación retributiva é unha cuestión matemática. A cantidade na que estamos deshomologados é un dato obxectivo á marxe das discrepancias que poidan existir nas táboas que se utilicen de referencia e da cantidade que a Consellería teña actualmente autorizada por parte do Goberno da Xunta de Galicia. ANPE Galicia ten interese en que esta negociación se abra con carácter de urxencia, temos cuantificada a brecha e estamos dispostos a por enriba da mesa unha cantidade de partida.

A Administración nos pide ás organizacións sindicais que, co obxecto de desbloquear a negociación, cuantifiquemos a diferenza coas Comunidades que ocupan os primeiros postos e poñamos enriba da mesa unha cantidade de partida.

Tras a celebración dun receso na que as organizacións sindicais tratamos de buscar un consenso para establecer unha cifra de partida e na que CIG Ensino amosa unha maior desintonía coas restantes organizacións sindicais, ANPE xunto con CCOO e UXT poñemos enriba da mesa unha cantidade de partida de 130 euros mensuais.

Na nosa intervención tras o receso ANPE Galicia volve a incidir en que non queremos viciar esta negociación con ningún outro tema para despois retomar outro tipo de negociacións como incidir na recuperación das cantidades detraídas das pagas extraordinarias desde o ano 2013, campaña pola que ANPE está a levar a cabo unha intensa actividade sindical e á cal non pensamos renunciar. Con respecto á negociación que nos toca no día de hoxe incidir en que nos parece axeitada a proposta da Administración de que a suba sexa lineal, procuraremos que se aplique no menor tempo posible e solicitamos que se inclúa unha cláusula de revisión salarial que sexa EFECTIVA. O importante ao final da negociación é a posición final que ocupen as nosas retribucións no total das Comunidades Autónomas, posición que desde ANPE

entendemos que debe procurar mellor a situación final dos acordos anteriores dos anos 2003 e 2006. Para manter certa sintonía e unidade coas restantes organizacións sindicais (salvo CIG Ensino) poñemos tamén como punto de partida das negociacións 130 euros mensuais.

Na súa intervención a Administración deixa claro de novo que non se vai a entrar neste momento noutro tipo de negociación á marxe da que nos ocupa e polo tanto soamente se vai a falar de homologación retributiva. Se incluírá unha cláusula de revisión salarial que será efectiva coa salvedade de que calquera disposición normativa pode afectar a aplicación de dita cláusula. Coa cantidade de 130 euros postos enriba da mesa por parte das organizacións sindicais (1800 euros anuais) a comunidade de Galicia pasaría a estar por debaixo soamente de País Vasco, Navarra e Cantabria. A Administración considera que ese resultado está moi por arriba do que poden asumir e estudará a proposta para traer unha contraproposta. Propón unha nova xuntanza da Mesa Sectorial para o vindeiro martes 22 de maio ás 11:30 horas.

Sen máis temas que tratar péchase a sesión sendo as 13:41 horas

